



XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017

MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Magdalena Llamas

Mezzosoprano

Luis Fernández Pérez

Piano

SÁB 21 OUT — 20.30 h
Paraninfo da Universidade

A mezzosoprano andaluza Magdalena Llamas e o pianista madrileño Luis Fernando Pérez ofrecen este recital con cancións compostas nos séculos XIX, XX e XXI que inclúe a estrea absoluta das *Cinco canciones verdes* de José Luis Turina.

Programa

EL TRIÁNGULO DE LAS MUSAS

Xavier Montsalvatge (1912-2001)

Cinco canciones negras (1945)

Cuba dentro de un piano

Punto de Habanera, siglo XVIII

Chévere

Canción de cuna para dormir a un negrito

Canto negro

José Luis Turina (1952)

El guardián entre los pinos (2011)

*Cinco canciones verdes** (2017)

Xoán Montes Capón (1840-1899)

Negra sombra

Lonxe da terriña

O pensar do labrego

José Castro “Chané” (1856-1917)

Cantiga

Os teus ollos

Un adiós a Mariquiña

Jose Baldomir (1867-1947)

Como foi?

Maio Longo

Marcial del Adalid (1826-1881) | José Baldomir (1867-1947)

Soedades

Rosendo Mato Hermida (1914-1944) | Juan Durán (1960)

Lela

*Estrea absoluta.

Magdalena Llamas

Mezzosoprano andaluza, cursa estudos de canto e piano no Conservatorio Superior de Música de Granada e na Escuela Superior de Canto de Madrid. Múdase despois aos Estados Unidos, e finaliza os seus estudos operísticos co mestre C. Serrano na Academy of Vocal Arts de Filadelfia e coas sopranos S. Sweet, F. Barbieri, J. Norman e S. Verrett, para completar a súa formación operística en The Juilliard School of Music de Nova York.

Ao longo da súa traxectoria, recibiu numerosos recoñecementos, como o primeiro premio do Visconti Competition, a Portland Opera Fellowship, o primeiro premio do Elsie Hilliard Hillman, o Westminster Competition ou o primeiro premio do Rossini Competition. Interpretou, entre outros, o papel principal de Luisa Fernanda no Lincoln Center de Nova York, e tamén outros roles que a levaron por diferentes cidades como Nova York, Os Ánxeles, Chicago, San Francisco, Nova Jersey, Arizona, Houston, Miami, Praga, Roma, Milán, Lago di Como, Nápoles, Filadelfia e Washington DC. Participou en festivais como os de Miami, Porto Rico, Washington DC, Filadelfia, Xénova, Nantes, Nápoles, Lago di Como, Milán, Roma, Kassel ou Berlín. Como concertista, presentou xa 14 programas na sala de concertos do Carnegie Hall e noutras como o Guggenheim Museum de Nova York, The John F. Kennedy Center for the Performing Arts de Washington D.C., a Metropolitan Opera, a N.Y. City Opera, o Auditorio Nacional de Música de Madrid, o Irving Auditorium de Filadelfia, o Auditorium Marianum de Polonia, o Pontificio Instituto di Musica Sacra del Vaticano, o CAMI Hall, o Merkin Hall, o Alice Tully Hall de Nova York e a Konzerthaus de Berlín. Traballou tamén un extenso repertorio de oratorios, con obras de Bach, Haendel, Pergolesi, Boccherini, Rossini, Dvorák, Mozart, Verdi, Fauré, Brahms, Beethoven, Vivaldi ou Mendelssohn. Comparte coa JONDE xira por Compostela, Kassel e Berlín. Este ano, participará en concertos organizados pola Embaixada de España en Chicago, Praga, Nova York, Washington, Boston, Albuquerque, Os Ánxeles e San Francisco. Actuará nas óperas Aida, Norma, Don Carlo, Così fan tutte e Carmen, así como no Réquiem de Verdi coa Sinfónica de Roma no Vaticano, Roma, Nova York e Washington.

Luis Fernando Pérez

Estuda con Andrés Sánchez-Tirado no Conservatorio de Pozuelo de Alarcón e, en 1993, ingresa na Escuela Superior de Música Reina Sofía, onde estuda piano cos profesores D. Bashkurov e G. Egyazarova, e música de cámara coa profesora M. Gulyas. Continúa a súa formación na Hochschule de Colonia (Alemaña) con P.L. Aimard e, posteriormente, con A. de Larrocha, C. Garriga e C. Bravo de Mompou na Academia Marshall de Barcelona, onde obtén o Máster en Música Española. Recibiu clases maxistras de mestres como L. Fleisher, A. Schiff, B. L. Gelber, C. Bravo de Mompou, M. Pressler ou F. Tsong, e foi galardoado en numerosos concursos, como o de Ibla (Premio Franz Liszt-Italia) e o Enrique Granados de Barcelona (Premio Alicia de Larrocha). Imparte clases maxistras en Hungría, Francia, Portugal, Xapón, e diversas cidades españolas e é o Asistente da Cátedra de Música de Cámara na Escuela Superior de Música Reina Sofía. É profesor de piano na Academia Marshall en Barcelona. A súa carreira levouno por diversos escenarios de Europa, Asia e Estados Unidos. As súas interpretacións en recitais, conxuntos de cámara ou con orquestra, foron acollidas calorosamente pola crítica e o público. Foi convidado por prestixiosos festivais como os de Schleswig-Holstein, La Roque d'Anthéron, Festival Richter en La Grange de Meslay, Jacobins en Toulouse, Santander, Quincena Musical Donostiarra, Granada, ou o Musika-Música de Bilbao. Colaborou con orquestras como a Sinfónica de Barcelona e Nacional de Catalunya, a RFG, a Sinfónica de Bilbao, a Sinfónica del Principado de Asturias, a Ensemble Orchestral de Paris, a Orchestra Ensemble de Kanazawa, a Orq. de Cámara Franz Liszt de Budapest, a Orq. de Cámara de Mannheim, Sinfonía Varsovia, a Orquesta Sinfónica de Euskadi, a Orquesta Sinfónica de RTVE, ou a Orquesta Sinfónica de Castilla y León e con directores como J. R. Encinar, A. Ros Marbá, G. Neuhold, W. Hernando, K. Yamada, J.J. Kantorow, P. Fraas, D. Lockington, E. García Asensio, e C. Rizzi, entre outros. Tamén colaborou como músico de cámara cos violonchelistas A. Gutiérrez, H. Demarquette, o Cuarteto Arriaga, Cuarteto Enesco de Paris, Cuarteto B. Bartók, Cuarteto Modigliani e co Cuarteto Artis de Viena.

EL TRIÁNGULO DE LAS MUSAS

O éxito acadado na estrea en 1945 da *Canción de cuna para dormir a un negrito* (texto de Ildelfonso Pereda Valdés) animou a **Xavier Montsalvatge (Girona, 1912- Barcelona 2002)**, segundo conta na súa autobiografía, a escribir outras dúas pezas de carácter contrastante sobre o mesmo tema, escollendo os textos Chévere e Canto negro do cubano Nicolás Guillén ás que máis tarde engadiría *Punto de habanera* de Néstor Luján que, á súa vez, o levou a compoñer unha quinta canción, sobre o poema de Rafael Alberti, *Cuba dentro de un piano*. Estas cancións tratan da necesidade de abordar as luces e sombras da España do momento, a memoria da relación con Cuba antes de 1898 e a gran variedade de opcións creativas que, no século XX, conviviron co que habitualmente coñecemos como vangarda musical. Así, habaneras e guajiras como *Cuba dentro de un piano* e *Punto de habanera*, respectivamente, escoitáronse nos portos e salóns españois durante décadas. Por outra parte o compositor di que escolleu a Alberti porque “...conjugaba con *El abanico*, unha habanera popular aprendida dos pescadores na Costa Brava, inefable, co seu punto de mestura catalá”. Tamén a cultura negra, vencellada á escravitude, asoma na rumba afrocubana que inspira o *Canto negro* e nesa especie de espiritual que é *Chévere*. O ‘antillanismo’ de Montsalvatge representa unha alternativa válida ao neo-nacionalismo da época; a dimensión politonal, o carácter suxerinte, o anti-academicismo, a ironía e a tenrura que amosa a obra, salvaron calquera dificultade e supuxeron o punto de partida para a exitosa carreira do músico.

José Luis Turina (Madrid, 1952) estrea neste concerto a súa peza *Cinco canciones verdes* composta en 2016 sobre poemas de Safo, Catulo, Delmira Agustini, Rainer María Rilke e Giuseppe Gioacchino Belli. Sobre a outra obra que se inclúe no programa, ten dito o autor: “*El guardián entre los pinos* nace para festexar o 75º aniversario de Luciano González Sarmiento, a quen me une desde hai moitos anos unha gran amizade. Pretende ser unha música directa, pero non por iso simple; emotiva, pero non por iso afectada; e sentida, pero non por iso superficial. Desde a escritura pianística ata a estrutura formal, que constitúen o seu

corpo, pesa máis na alma da peza a utilización dunha fermosa canción cántabra, *Cuatro pinos*, de cuxo texto deriva directamente o título: *Cuatro pinos tiene tu pinar /y yo te los cuido/ Cuatro majos los quieren cortar / no se han atrevido*. Luciano, que foi en ocasións anteriores *alma mater* e o provocador doutras obras miñas compostas para festexar aniversarios redondos (como os 50 anos de Tomás Marco, ou os 50 de vida profesional de Félix Hazen), convértese nesta ocasión, polas insidias da súa muller, Marisa Blanes, en dedicatario dun bo feixe de obras que uns poucos amigos seus escribimos dende a cabeza e dende o corazón, en recoñecemento a tantos anos de bo facer musical e, sobre todo, de amizade incombustible. *El guardián entre los pinos* foi escrita en Madrid, en novembro de 2011, e estreada o 24 de marzo de 2012 por Marisa Blanes en Villaverde de Pontones (Cantabria), dentro do acto de homenaxe a Luciano González Sarmiento no seu 75º aniversario”. (J. L.Turina. Madrid, marzo de 2012)

En Galicia poetas e músicos foron os iniciadores dunha resurrección espiritual. Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal entre outros poetas insignes, abriron o camiño. Canda eles, músicos como Pascual Veiga, Xoán Montes, José Castro Chané e José Baldomir, encargáronse de traducir ao musical o son daqueles poemas.

Formado na mellor tradición catedralicia, **Xoán Montes (Lugo, 1840-1899)** cultivou a música de cámara e de salón na súa cidade natal, impulsando a creación de agrupacións, como a banda de música ou o Orfeón Lucense, e converténdose nun dos músicos clave da súa xeración. Cultivou todos os xéneros do seu tempo, desde a música sacra á teatral; foron as súas baladas, en especial *Negra sombra* e *Unha noite na eira do trigo*, ficaron na memoria colectiva e xa pertencen á cultura popular. É posible que a inspiración para escribir estes lied á galega estivese influenciada polo seu coñecemento da obra de Schubert cuxas cancións transcribiu para harmonio na súa mocidade. Baixo o título xeral de *Baladas galegas* –como o autor as denominou– déronlle gran sona. O trío máis popular: *Negra sombra*, *Lonxe da terraña* e *Unha noite na eira do trigo*, con respectivas letras de Rosalía, Curros

Enríquez e Aureliano Pereira. As outras tres baladas, non tan populares son: *As lixeiras anduriñas* (letra de Salvador Golpe), *Doce sono* (texto de Rosalía), e *O pensar do labrego* (letra de Aureliano Pereira). Os textos poéticos fúndense de tal xeito coa melodía de Montes que xa non se conciben separadamente. Estas seis pequenas pezas foron compostas en diferentes etapas da súa vida e editadas finalmente formando un todo por Canuto Barea Rodríguez na Coruña. *Negra Sombra* expresa musicalmente a triste e dolorosa idea da morte que, como fantasma, paraliza a alma galega e na que algúns identifican certa reivindicación nacionalista. *Lonxe da terriña* foi a primeira que compuxo, en 1885 e nela xa apunta esa inclinación polas tonalidades menores que parecen recoller como nunha radiografía a morriña da terra que todos os emigrantes senten.

José Castro “Chané” (Santiago de Compostela, 1856 - A Habana, 1917) foi un dos compositores da súa xeración de maior difusión entre o público, en parte por asumir a dirección do Orfeón Coruñés e da coral El Eco, coa que lle chegaría a fama fóra de Galicia. Cando emigra a Cuba, dirixe na Habana o orfeón Ecos de Galicia e establece amizade con Curros Enríquez. Pon música a varios textos do poeta, entre eles *Cantiga*, máis coñecido como *Unha noite na eira do trigo*, polo primeiro verso do poema, una situación típica da música popular que, neste caso, referencia a súa dimensión de pezas amplamente difundidas. Outros temas del xa lendarios no imaxinario colectivo galego e da emigración foron *Un adiós a Mariquiña* e *Os teus ollos*, versionada en moi diferentes tipos de música nunha mostra da proximidade da canción de concerto á sociedade e do proceso de folclorización. O acompañamento pianístico desta peza recorre case ao vertical, subliñando os finais de estrofa e a coda con deseños melódicos que lembran sonoridades de alborada.

José Baldomir (A Coruña, 1865-1947) cuxo prestixio e formación lle permitiron acceder á Real Academia Galega e á de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, foi profesor na Escola de Belas Artes da Coruña e dirixiu os orfeóns El Eco e El Brigantino. En 1906 realizou unha xira por numerosas cidades de España, Francia

e Portugal na que divulgou as melodías que compuxera a partir das poesías dos mellores autores galegos como *Meus amores*, *Como foi?* -con texto de Curros Enríquez-, *Por que?* ou *No ceo azul*, ademais de *Maio longo* que, con texto de Rosalía de Castro, é unha fermosa peza chea de nostalgia e dozura.

Marcial del Adalid (A Coruña, 1826-1881)

sentía o canto popular e asumíuno con verdadeira clarividencia. El que xa musicara textos franceses, italianos, alemáns, casteláns e mesmo latinos, fai uso da súa lingua materna para compor coa mesma xenialidade un bo número de obras que, por posuír características comúns a esoutras pezas para canto e piano, pasaron a formar parte do mesmo xénero. En 1877, comeza a publicación de *Cantares viejos y nuevos de Galicia*, que non será rematada até despois da súa morte e que crea sobre poemas da súa muller Fanny Garrido. Os temas principais das melodías de Adalid xiran entornó á paisaxe galega, aos costumes das súas xentes, ao entornó no que estas se movían... Ninguén mellor que Baldomir, fiel seguidor de Marcial del Adalid e alumno do seu primo Torres del Adalid, para recoller a herdanza adalidiana e compoñer con tanta fidelidade; del é a versión de *Soedades* que hoxe se interpreta e que mantén as orixinais refinadas harmonías, elegantes liñas vocais e difíciles acompañamentos para piano, tan típicos destas composicións.

Rosendo Mato Hermida (Vilalba, 1914

– Santiago, 1994) foi un músico ligado fundamentalmente a bandas como a de Vilalba (1926 – 1929), a Banda Municipal de Compostela, na que tocaba o saxofón tenor aos 15 anos de idade, ou a Banda de Arca - O Pino (1945 – 1966) que dirixiu e que, en varios momentos, compaxinou coa condución do coro Cantigas e Agarimos. Mato Hermida puxo música aos versos máis afamados de Castelao, incluídos na obra teatral *Os vellos non deben de namorarse*, nos que don Saturio exalta e lamenta o seu amor por Lela. Esta obra foi estreada na compostelá Praza da Quintana a noite do 25 de xullo de 1962 pola agrupación folclórica Cantigas e Agarimos que, en diversas ocasións, contou nas súas actividades cun grupo de teatro. Posúe un indiscutible atractivo melódico que a fai ben interesante para o canto lírico, na fronteira entre o culto e o popular.

José Luis Turina
Cinco canciones verdes

I

Efectos do amor**Safo (620-750 a. d. C)**

Φαίνεται μοι κήνος ἴσος θεοῖσιν
 ἔμμεν' ὄνηρ ὅττις ἐνάντιός τοι
 Ἰσδάνει καὶ πλάσιον αὖδω φωνεῖ-
 σας ὑπακούει,
 καὶ γελαίσας ἱμέροεν, το μ' ἢ μάν
 καρδίαν ἐν στήθεσιν ἐπτόαισεν.
 ὡς γὰρ ἔς σ' ἰδὼ βρόγχε', ὡς με φώναι-
 σ' οὐδ' ἔν' ἔτ' εἴκει,
 ἀλλ' ἄκάν μεν γλώσσα ἔαγε, λέπτον
 δ' αὐτίκα χρωὶ πῦρ ὑπαδεδρόμηκεν,
 ὁππάτεσσι δ' οὐδ' ἔν' ὄρημι', ἐπιρρόμ-
 βεισι δ' Ἀκουαι-
 ἑκαδὲ μ' ἴδρωσ ψύχρος κακχέεται, τρόμος δὲ
 παῖσαν ἄγρει, χλωρότερα δὲ ποῖας
 ἔμμι, τεθνήκην δ' ὀλίγω 'πιδεύην
 φαίνομαι
 ἀλλὰ παν τόλματον ἐπεὶ χεν ἢ τα

(Fragmento 2)

*[Paréceme que igual aos deuses
 aquel home é, o que sentado
 fronte a ti, ao teu lado, a túa doce
 voz escoita
 e a túa amorosa risa. En cambio,
 no meu peito o corazón estremécese.
 Apenas te miro,
 a voz non vén máis a min,
 a lingua fica queda, un delicado
 incendio corre baixo a miña pel,
 non ven xa os meus ollos
 e zoan os meus oídos,
 a suor cóbreme, un tremor
 apodérase de todo o meu corpo e tan pálida
 como a herba non moi lonxe da morte
 paréceme estar...
 Pero todo se debe soportar se así é]*

II

En Silencio**Delmira Agustini (1886-2014)**

Por tus manos indolentes
 Mi cabello se desfloca;
 Sufro vértigos ardientes
 Por las dos tazas de moka

De tus pupilas calientes;
 Me vuelvo peor que loca
 Por la crema de tus dientes
 En las fresas de tu boca;

En llamas me despedazo
 Por engarzarme en tu abrazo.
 Y me calcina el delirio
 Cuando me yergo en tu vida,
 ¡Toda de blanco vestida,
 Toda sahutada de lirio!

(Los cálices vacíos, 1913)

III

L'uscelletto**Giuseppe Gioacchino Belli (1791-1863)**

Sor Maria Battifessa, v'ho pportato
 Un uscelletto d'allevasse a mmano,
 Che lo cacciò mmi' Madre da un pantano,
 Dove Tata sciaveva seminato.

Nun guardate ch'è cciuco e spennacchiato:
 Lo vederete cressce a mmano a mmano.
 Anzi allora tienetelo ingabbiato,
 Perché ssi vvola ve pò annà llontano.

Sin ch'è da nido, fateje carezze:
 Cerca l'ummido poi, ma nnò lo sguazzo;
 E la gabbia la vò ssenza monnezze.

De rimanente è uscello da strapazzo:
 E nn'averete le sette allegrezze
 Fascennolo ruzzà ss'un matarazzo.
 (Soneti romaneschi)

[Sor María Tarambana, tróuxenvos
un paxariño para criar a man,
sacouno miña nai dun pantano
onde o sembrara Papá.

Que non vos importe velo miúdo e desplumado:
verédelo medrar pouco a pouco.
Pero non deixedes de telo engaiolado,
porque ao voar pode ir lonxe.

Mentres estea no niño acariciádeo;
despois procurádelo a humidade, pero non o
charco
e a gaiola quérea sen inmundicias.

Polo demais é un paxaro de batalla
que vos dará as sete alegrías
envorcándoo nun colchón]

IV

Lösch Mir Die Augen Aus

Rainer Maria Rilke (1875-1926)

Lösch mir die Augen aus: ich kann dich sehn,
wirf mir die Ohren zu: ich kann dich hören,
und ohne Füße kann ich zu dir gehn,
und ohne Mund noch kann ich dich
beschwören.

Brich mir die Arme ab, ich fasse dich
mit meinem Herzen wie mit einer Hand,
halt mir das Herz zu, und mein Hirn wird
schlagen,
und wirfst du in mein Hirn den Brand,
so werd ich dich auf meinem Blute tragen.
(Das Stunden Buch)

[Apágame os ollos: podo verte,
péchame os oídos: podo ouvirte;
e aínda sen pes podo andar en busca túa,
sen boca, podo conxurarte.
Ampútame os brazos, e aínda te agarro
como cunha man, co corazón meu;
detén o meu corazón, e latirá o cerebro;
e se prendes lume no meu cerebro,
levareite sobre o meu sangue]

V

Adeste, Hendecasyllabi

Cayo Valerio Catulo (h. 87-h. 54 a.d.C.)

Adeste, hendecasyllabi, quot estis
omnes undique, quotquot estis omnes.
locum me putat esse moecha turpis,
et negat mihi nostra reddituram
pugillaria, si pati potestis.
Persequamur eam et reflagitemus.
Quae sit, quaeritis? Illa, quam videtis
turpe incedere, mimice ac moleste
ridentem catuli ore Gallicani.
Circumsistite eam, et reflagitate,
"moecha putida, redde codicillos,
redde putida moecha, codicillos!"
Non assis facis? O lutum, lupanar,
aut si perditus potes quid esse.
Sed non est tamen hoc satis putandum.
Quod si non aliud potest ruborem
ferreo canis exprimamus ore.
Conclamate iterum altiore uoce.
"Moecha putida, redde codicillos,
redde, putida moecha, codicillos!"
Sed nil proficimus, nihil mouetur.
Mutanda est ratio modusque vobis,
siquid proficere amplius potestis:
"pudica et proba, redde codicillos."
(Poema LXII)

[Acudide, cantos sodes, hendecasílabos!
¡Aquí, de todas partes, vinde todos!
Que unha puta se quere divertir
negándose a infame a devolverme
as nosas táboas. Ídelo permitir?
Que quen é? A do sucio balanceo,
que ri como un mimo repugnante
coa súa boa de galgo gálico.
Rodeádea e a voces reclamade!:
"Puta fedorenta, devólvenos os libros,
devólvenos os libros, puta fedorenta!"
Que non che importa nada? Bordel, lama
ou baixeza maior, se aínda é posible...!
Pero non temos que darnos por vencidos,
saquemos, polo menos, as cores
á cara de ferro desa cadela.
Berrade de novo a coro en voz máis alta!:
"Puta fedorenta, devólvenos os libros,
devólvenos os libros, puta fedorenta!"
Mais de nada nos vale. Nin se inmuta;
cómpre mudar de táctica e de ton
a ver se así sacades algún proveito:
"Virxe casta, devólvenos os libros!"



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Próximos concertos

OUTUBRO

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

Casiano Mourinho Maquieira, director
Dom 22—12.00 h— Teatro Principal

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director
Xov 26—20.30 h—Auditorio de Galicia*
Ven 27—18.30 h—Auditorio de Galicia**

PAULO p., gaita—**BERTA FRESCO**, piano
Ven 27—20.30 h—Paraninfo da Universidade

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Sáb 28—20.30 h—CGAC

GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO- GRUPO DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XOÁN MONTES DE LUGO

Diego Ventoso, director
Dom 29—12.30 h
Auditorio de Galicia- Sala Mozart

NOVEMBRO

VOX STELLAE

Luis Martínez, director
Ven 3—20.30 h— Igrexa da Universidade

ZOAR

Sáb 4—20.30 h— Paraninfo da Universidade

* Entrada 15 euros (con descontos do 50%)

** Entrada 5 euros



**Deputación
DA CORUÑA**